XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

galicia

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO PROXECTO DE LEI DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE DE GALICIA

A Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Lei 7/2004) e no artigo único, alínea 2, da Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, emite o seguinte informe de impacto de xénero.

PRIMEIRO. PERTINENCIA DO INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO

Segundo o disposto polo artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia, "*Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Se non se acompañasen ou se tratase dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso*".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de analizar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para valorar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade entre os dous sexos, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

A finalidade do proxecto de lei obxecto de informe, segundo o establecido no artigo 1, é a definición dun marco normativo específico que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos aos emprendedores e incentivos fiscais. Dado o contido deste texto procede analizar neste informe a incorporación da perspectiva de xénero, a composición equilibrada dos órganos de decisión, así como a utilización dunha linguaxe non sexista.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

SEGUNDO. INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea (TCE), que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3), e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade entre homes e mulleres: "A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (…) igualdade entre mulleres e homes (…)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

A nivel estatal tanto a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) como a citada Lei 7/2004 (artigo 6), reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

O principio de transversalidade implica que en todas as políticas públicas se debe incluír a perspectiva de xénero co obxectivo da redución das desigualdades, máis aínda nun aspecto fundamental da economía como é o traballo autónomo e o investimento empresarial, que se debe potenciar en condicións de igualdade, non só por ser un dereito, senón porque ademais constitúe un medio de redución das desigualdades de xénero por permitir ás mulleres o acceso a unha posible fonte de ingresos por conta propia, posibilitando así un medio de vida ou de obtención de renda alternativo ao traballo por conta allea.

Asemade, fomentar a incorporación da muller ao empresariado implica a xeración de emprego e de riqueza en beneficio de toda a sociedade por canto supón o acceso ao investimento dunha parte da poboación que está en clara minoría na actividade empresarial. Ademais, fomentar o desenvolvemento do empresariado feminino e aproveitar o potencial profesional e laboral das mulleres tamén contribuirá a cumprir co obxectivo de ter un crecemento sostible e integrador, dous dos principios da Estratexia Europa 2020. Así se recolle no ditame da iniciativa do CESE (2012/C 299/05) que insta a promover o empresariado feminino en Europa, recomendando firmemente que as súas propostas políticas se integren nos departamentos de desenvolvemento económico, xa que promover o empresariado feminino é un aspecto esencial para a economía europea.

Sobre a situación en Galicia da participación da muller, tanto no traballo autónomo como no investimento empresarial, achéganse deseguido os datos referidos ao mes de marzo de 2013


Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

obtidos da publicación oficial da páxina web do Ministerio de Emprego referidos á alta na Seguridade Social como persoas autónomas, débese ter en conta que isto inclúe diversos tipos de sociedade e diferentes graos de implicación laboral na empresa por parte das persoas que a compoñen, existindo nestes datos socios/as capitalistas puros e outros/as que achegan o seu traballo á empresa; tamén convén matizar que estes datos, ao reflectir só persoas dadas de alta en réxime por conta propia, non inclúen aquelas persoas que, aínda que están dentro do réxime por conta allea, participan no capital dalgún proxecto empresarial.

	RÉXIME XERAL			RÉXIME ESPECIAL AGRARIO			RÉXIME ESPECIAL DO MAR		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	44.817	29.246	74.063	3.914	7.781	11.695	1.566	1.398	2.964
Lugo	15.179	8.825	24.004	5.664	7.301	12.965	85	110	195
Ourense	14.827	8.466	23.293	877	1.750	2.627	0	0	0
Pontevedra	37.211	23.915	61.126	1.494	3.173	4.667	3.636	3.297	6.933
GALICIA	**112.034**	**70.452**	**182.486**	**11.949**	**20.005**	**31.954**	**5.287**	**4.805**	**10.092**

	HOMES	MULLERES	TOTAL
A Coruña	50.297	38.425	88.722
Lugo	20.928	16.236	37.164
Ourense	15.704	10.216	25.920
Pontevedra	42.341	30.385	72.726
TOTAL	**129.270**	**95.262**	**224.532**
PORCENTAXE	**57,57%**	**42,43%**	**100%**

Con respecto ao número de persoas dadas de alta nos diferentes réximes por conta propia, obsérvase que os homes supoñen preto do 58% e as mulleres o 42%, o que supón unha diferenza importante respecto ao total da poboación, no que as mulleres supoñen o 52% da poboación e os homes o 48%.



Os datos expostos amosan pois unha clara asimetría por razón de xénero no empresariado, sendo claramente inferior a proporción de mulleres. Non obstante, cómpre destacar que, como peculiaridade dos datos en Galicia con respecto ao resto do Estado, a porcentaxe de mulleres do empresariado é considerablemente máis elevada (42% no caso galego e 33% no resto do Estado). Esta diferenza pode explicarse polo alto grao de feminización dalgunhas actividades que teñen unha presenza cuantitativa relativamente máis importante en Galicia. Así, no sector dos servizos a presenza da muller como empresaria é maior que nos outros sectores, o que tamén é válido para o conxunto do territorio do Estado, pero a importancia relativa deste sector en Galicia é maior que a doutros sectores escasamente feminizados como industria ou construción. A isto hai que sumar a presenza importante da muller en determinadas actividades primarias: marisqueo a pé ou agricultura.

Constátase pois a existencia dunha fenda de xénero, tanto cualitativa como cuantitativa que se agrava considerablemente se se analizan os datos de socios/as capitalistas de diferentes tipos de sociedades, que non necesariamente son "traballadores/as autónomos/as" no sentido estrito. Deseguido amósanse os datos que figuran no Instituto Galego de Estatística cunha explotación obtida do Rexistro Mercantil en Galicia para sociedades constituídas ou modificadas no ano 2012:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

SOCIOS/AS NO ANO 2012	Número			Porcentaxe		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	124	39	163	76,1	23,9	100
Industria e enerxía	276	98	374	73,8	26,2	100
Construción	600	155	755	79,5	20,5	100
Comercio e reparación	1189	444	1633	72,8	27,2	100
Hostalería	331	125	456	72,6	27,4	100
Transporte e comunicacións	259	65	324	79,9	20,1	100
Banca e seguros	89	48	137	65	35	100
Actividade inmobiliaria	247	114	361	68,4	31,6	100
Servizos a empresas e outras actividades de servizos	874	436	1310	66,7	33,3	100

Estes datos amosan unha maioría clara de homes que adquiren a condición de socios (65% no sector máis baixo) o que pode ter unha relación clara coa proporción cuantitativa de posesión do capital das diferentes sociedades.

Tamén hai que ter en conta as maiores dificultades de acceso ao financiamento para as mulleres derivadas tanto da súa propia percepción ao respecto como da maior dificultade de presentación de garantías ante as entidades financeiras. Isto limita as súas posibilidades de emprender e fai que as emprendedoras opten por iniciativas económicas de menor dimensión e polo tanto con menos posibilidades de creación de emprego e de internacionalización. Este enfoque fai, ademais, que os seus proxectos sexan máis vulnerables aos cambios na situación económica.

Outra das circunstancias que pode influír nas mulleres á hora de iniciar un proxecto de empredemento é a necesidade de conciliar vida familiar e profesional xa que, aínda que se ten avanzado na corresponsabilidade, todos os estudos indican que as mulleres seguen a ser de forma maioritaria as que asumen o coidado das persoas maiores ao seu cargo así como dos/as fillos e fillas. Neste sentido, hai que ter en conta que a miúdo o traballo asalariado ofrece vantaxes non

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

económicas que facilitan a conciliación polo que diminúen os beneficios relativos que se poden obter ao convertirse en empresaria. Por isto, deben fomentarse políticas de conciliación e corresponsabilidade xa que non só elevan a calidade de vida das persoas senón que tamén poden convertirse nun estímulo ao emprendemento.

Polo que se refire á lexislación vixente en materia de igualdade de xénero, cómpre sinalar que existen referencias explícitas destinadas a corrixir esta situación de desigualdade a través do fomento do emprendemento feminino (artigo 5 da Lei Orgánica 3/2007 ou os artigos 32 e 38 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia). Tamén o artigo 4 da Lei 7/2004 permite establecer medidas de discriminación positiva para a redución das desigualdades por razón de xénero.
Como instrumento concreto de corrección deste desequilibrio a Secretaría Xeral da Igualdade, vén convocando nos últimos anos o "Programa Emega" para mulleres emprendedoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo para o período 2007-2013, dentro das competencias atribuídas a este órgano relativas á participación da muller na vida económica e á eliminación das desigualdades.

O proxecto de lei que se está a informar pretende regular determinados aspectos do investimento e do emprendemento e no texto aparecen algunhas referencias explícitas á existencia de desigualdades neste ámbito, tanto na exposición de motivos como dentro do articulado. Así, o artigo 16 "Políticas públicas de igualdade e non discriminación no apoio ás persoas emprendedoras", establece que "As políticas de apoio ás persoas emprendedoras previstas na presente Lei e as que se inclúan nos plans de apoio as persoas emprendedoras terán, entre outros, como obxectivos prioritarios a *promoción do empresariado feminino no marco das políticas de igualdade* e o fortalecemento dos proxectos de emprendedores liderados por mulleres..."

Porén, aínda que a inclusión deste obxectivo xeral merece unha valoración positiva, no resto do proxecto non se recollen previsións concretas que poidan contribuír á redución da fenda de xénero descrita, polo que se propón modificar algúns artigos do texto co obxecto de integrar e recoller a perspectiva de xénero.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

1) O **artigo 14** do proxecto de Lei trata sobre "Políticas activas da Xunta de Galicia no ámbito educativo". A este respecto débese ter en conta que este ámbito debe ser o piar básico da cultura emprendedora, traballando xa dende a escola primaria e en todos os niveis educativos para eliminar os roles predefinidos por razón de sexo e para estimular as mulleres cara sectores estratéxicos tradicionalmente masculinos, como o da tecnoloxía, nos que as barreiras ao emprendemento son maiores, co obxectivo de promover o emprendemento polas mulleres e a redución da fenda de xénero neste eido.

Por todo isto, proponse modificar a redacción do artigo tal e como se indica:

- Na alínea 2: "...igualmente promoverase o **emprendemento feminino**, o emprendemento colectivo..."
- Na alínea 3: "...sensibilización e motivación; **igualdade de xénero no acceso ao emprendemento** , capacitación emprendedora..."
- Incluír unha alínea 4 cun teor similar ao establecido no artigo 32 da Lei 2/2007 antes citada:

  " **En calquera das actividades formativas destinadas ao autoemprego, creación de empresas, cooperativas ou mellora empresarial poderanse convocar exclusivamente mulleres ou prever na convocatoria unha maioría de mulleres e, en todo caso, a totalidade das actividades formativas deberán incluír unha porcentaxe de mulleres equivalente á de mulleres desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego do ámbito sectorial da correspondente actuación** ".

2) No que atinxe aos servizos de capacitación previa e de consolidación e crecemento (artigo 15), é necesario que os servizos contemplados no apartado 1 do dito artigo teñan en conta as diferenzas e particularidades que poidan existir no caso dos proxectos empresariais de mulleres, como é o caso da necesidade de servizos específicos á profesionalización, así como tamén a necesidade de fomentar a expansión de mercados e a internacionalización, aspectos que é necesario reforzar por ser dous puntos débiles nos proxectos empresariais de mulleres.

3) Para complementar o obxectivo xeral que aparece recollido no **artigo 16** poderíanse engadir dúas alíneas (2 e 3) que concreten máis a previsión exposta e que poderían ter un teor similar ao seguinte:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

"2. As actuacións dirixidas ao fomento do empresariado feminino desenvolveranse regulamentariamente en relación, de ser o caso, cos seguintes aspectos: formación empresarial, axudas económicas para a creación de empresa, servizos de asesoramento empresarial, servizos de titoría na creación e mellora de empresa, apoio á constitución de redes empresariais, fomento da participación nas canles de promoción, publicidade e comercialización de servizos e produtos.

3. No desenvolvemento regulamentario das medidas dirixidas ao fomento do empresariado feminino teranse en conta de xeito preferente as mulleres emprendedoras con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social e mais as mulleres emprendedoras do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro".

4). O **artigo 18** regula a creación do **"Consello Galego de Economía e Industria"**, no que participan representantes de diferentes departamentos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma. A este respecto considérase que, dada a relación entre promoción da igualdade e regulación e fomento do emprendemento antes exposta e a infrarrepresentación da muller no empresariado, sería conveniente completar a dita representación cunha persoa representante do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade e que tamén se teña en conta a representatividade do empresariado feminino.

5) Polo que se refire ás medidas de carácter fiscal recollidas no capítulo VIII do texto, hai que ter en conta que, tal e como amosan diversos estudos tanto a nivel español como europeo, as políticas fiscais non son alleas ao xénero polo que non pode obviarse a repercusión que estas medidas poidan ter no fomento do emprendemento.

E tendo en conta a menor dimensión económica das iniciativas empresariais das mulleres, posiblemente o efecto destas medidas non sexa igual que no caso dos proxectos empresariais de maior dimensión que caracterizan en maior medida ás iniciativas masculinas.

TERCEIRO. COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

O artigo 6.2 d) da Lei 7/2004, establece como mecanismo de aplicación do principio de transversalidade "o fomento dunha participación equilibradas das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".
No mesmo sentido, o artigo 16 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte a súa disposición final primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio de dereitos

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

constitucionais, establece que: "...os poderes públicos procurarán atender o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan". Estes mandatos, que actúan con carácter xeral, deben ser complementados dende a perspectiva da regulación normativa autonómica, en virtude da previsión recollida na Disposición adicional 1ª da Lei 16/010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, que garante a aplicación e promoción do principio de igualdade entre sexos en todos os ámbitos da administración galega e que, na alínea segunda, establece o obxectivo de composición equilibrada nos nomeamentos de altos cargos.

Neste proxecto de lei créase e regúlase, no capítulo VII e máis sinaladamente no artigo 18, un órgano de natureza colexiada que é o Consello Galego de Economía e Industria, o cal, resulta aglutinador doutros órganos de natureza colexiada preexistentes (os Consellos Galegos de Industria, Minería e Comercio, que quedan extinguidos en función da derrogación expresa dos artigos correspondentes ás normas que os disciplinaban). Na alínea 3ª do artigo 18 faise alusión á composición do novo Consello e no apartado f) explicítase unha previsión garantidora da procura da composición equilibrada: "No seo do consello procurarase unha composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes".

Esta previsión merece un axuízamento positivo na súa pertinencia, por parte deste órgano, en función das directrices apuntadas.

A marxe da composición do Pleno do Consello, o artigo 19.2 do proxecto recolle, entre as funcións do Consello, a de "establecer os Comités Executivos, por obxectivos temáticos, que no seo do Consello se consideren convenientes e establecer as directrices de funcionamento dos mesmos".

En consonancia con esta posibilidade de creación, o artigo 20 do proxecto normativo pasa a fixar, de xeito máis exhaustivo, a regulación dos ditos Comités Executivos Temáticos. De entre as previsións descritivas de tales Comités e, a diferenza do acontecido co propio Consello, non se atopa ningunha previsión relativa á composición equilibrada de xénero na súa composición. Por tal razón, malia o carácter potestativo e máis específico desta nova figura, considérase oportuno suxerir a inclusión dunha cláúsula relativa á composición equilibrada que podería situarse como parágrafo final do artigo 20 co seguinte ou similar teor: **" Na composición tanto dos Comités executivos como nas das seccións temáticas que puideran constituírse no seo destes, procurarase acadar**

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

unha composición equilibrada de xénero nos mesmos termos que o establecido para o propio Consello".

CUARTO.UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 17 e 18 da Lei 7/2004, e mais a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.
No proxecto de lei obxecto da análise, obsérvase un cumprimento irregular deste mandato pois, en xeral, hai un predominio da exclusividade do uso da forma masculina de xeito que provoca o efecto invisibilizador do feminino.

Así, existe un uso maioritario e abusivo da forma masculina para a designación de persoas e axentes actuantes no ámbito da norma, utilizándose formas e expresións tales como: "Emprendedores", "empresarios", "contribuíntes" "investidor particular", "fillos", "o causahabente", "o donatario", "os interesados", "os técnicos", "consumidores e usuarios", "cidadáns", "clientes", "os artistas" entre outras. Ás veces (por exemplo artigos 2, 16, 18.3) no propio apartado do artigo onde se utiliza de xeito incorrecto a expresión masculina tamén aparece a fórmula máis correcta "emprendedor/a" "un/unha representante" "investidor/a particular" (no artigo 16 dise "proxectos de emprendedores liderados por mulleres").

Por iso, para a acadar unha homoxeneidade no texto, así como un respecto ao principio transversal de igualdade e as normas que o consagran, suxírese empregar formas neutras ou xenéricas cando así fose posible (por exemplo, " persoas interesadas", "persoas consumidoras e usuarias", "cidadanía", "clientela") ou ben cando resulte formalmente máis adecuado, utilizar a alternancia de xéneros ("empresarios/as", " os/as contribuíntes", "fillos/as", "o/a causahabente", "o/a donatario/a" etc).

Ademais disto, resulta oportuno indicar que tanto no artigo 62 como na páxina 60 do texto empréganse para a designación de altos cargos e cargos políticos expresións como: " o director xeral", "o conselleiro competente" e " o alcalde". A este respecto cómpre dicir que resulta máis adecuado para abranguer a totalidade de situacións posibles e cumprir coa normativa de igualdade o uso de expresións xenéricas, polo que se suxire o uso de "a persoa titular da dirección xeral", "a

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.es
http://igualdade.xunta.es/

persoa titular da consellería" e " persoa titular da alcaldía" ou ben a fixación da alternancia de sexos en cada caso. Esta mesma observación aplícase á disposición derradeira quinta onde se fai referencia ao "conselleiro de economía e Industria", suxeríndose o emprego de "a persona titular da Consellería de Economía e Industria".

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2013

A secretaria xeral da Igualdade,



Susana López Abella